

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27002353	CPI de Cervantes	Cervantes	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Economía e emprendemento	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

## 1. Introducción

As teorías filosóficas desenvolvidas por Aristóteles déronnos a coñecer que o ser humano é un ser social por natureza, é dicir, precisa dos demais para poder desenvolver a súa condición natural. No entanto, xa nos primeiros asentamentos da Prehistoria este ser humano comprendera tamén que para poder subsistir de xeito sedentario é preciso realizar trocos cos que acceder aos recursos e materias primas das que non dispón. Deste xeito, logo, comezou a desenvolver co sedentarismo un modelo económico no que as accións para a obtención de víveres pasan por un incipiente modelo económico no que a oferta e a demanda regulan o custe de acceso a cada produto.

Ao longo da historia a economía converteuse, de xeito paralelo ás teorías filosóficas sobre a nosa existencia, nun elemento máis da nosa vida. Este non se entende sen a sociedade e hoxe en día resulta moi complexo tamén entender un modelo de sociedade sedentaria que se poida desenvolver sen economía. Dalgún xeito, un elemento e outro complementáanse tendo como vencello as persoas que os integran e é por iso que a economía convértese nunha ferramenta indispensable para a comprensión da nosa contorna.

Partindo deste principios, a materia que se presenta nesta programación de aula propónse como un medio para o entendemento da sociedade actual, das súas relacións económicas, dos intereses políticos e empresariais que subxacen a estas e da xestión que desas relacións se realizou ao longo da historia para situar a cada bloque de países no contexto no que actualmente nos movemos. É por isto que Economía e emprendemento plantéxase como unha materia de entendemento da persoa en sociedade, da familia como elemento fundamental para o desenvolvementos desta materia e dos diferentes axentes públicos e privados que interveñen nela. Trátase, xa que logo, de ofrecer unha visión que permita entender ata que punto as necesidades dun ser humano van máis alá do plano fisiolóxico para orientarse cara consumos determinados polas preferencias individuais e por aquelas que establece cada sociedade. Trátase tamén de comprender o papel que cada persoa ten dentro dese modelo de sociedade, de como exercer ese papel de xeito responsable cun ou cunha mesma, de adquirir novos roles adoptando unha perspectiva empresarial e de comprender de que xeito a terciarización das nosas sociedades contribúe a desenvolvemento do actual modelo de benestar.

Mais a Economía, como se indicou, non se pode entender sen o axente que a desenvolve, o ser humano, polo que se realizará tamén unha observación deste dende un plano ético, socioláxico e responsable que respecte a integridade do mesmo e defenda os seus intereses máis alá das cifras. É dicir, non se procura con esta materia favorecer un determinado modelo económico, senón comprendelos todos e aceptar tamén que ningún deles pode subsistir sen a súa base, as persoas. So así poderemos seguir medrando cara un modelo de sociedade no que as necesidades sexan satisfeitas cumprindo o xogo da oferta e da demanda sen esquecer que tanto o sector público como o sector privado precisan da persoa para poder subsistir.

Procúrase, polo tanto, desenvolver unha actitude crítica e favorecer a autonomía persoa para comprender a Economía como un elemento imprescindible da sociedade actual, pero, ao mesmo tempo, imposible de entender sen aquel axente que lle deu forma tal e como hoxe a entendemos, o ser humano.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar e valorar as fortalezas e as debilidades propias e as dos demais, reflexionando sobre as aptitudes, xestionando de forma eficaz as emocións e as destrezas necesarias que promovan unha actitude vital creadora para adaptarse a contornas cambiantes e deseñar un proxecto persoal único, cunha actitude emprendedora que xere valor para os demais.					1	1	2	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Utilizar estratexias de conformación de equipos, así como habilidades sociais, de comunicación e innovación áxil, aplicándoas con autonomía e motivación ás dinámicas de traballo en distintos contextos, para constituír grupos de traballo eficaces e descubrir o valor de cooperar con outras persoas durante o proceso de ideación e desenvolvemento de solucións emprendedoras.	1	1-2			1-3	1	2	
OBX3 - Elaborar, con sentido ético e solidario, ideas e solucións innovadoras e sostibles que dean resposta ás necesidades locais e globais detectadas, utilizando metodoloxías áxiles de ideación e analizando tanto os seus puntos fortes e débiles coma o impacto que poidan xerar esas ideas na contorna, para lograr a superación de retos relacionados coa preservación e co coidado da contorna natural, social, cultural e artística.			3	1		4	1-2-3	3
OBX4 - Seleccionar e reunir os recursos dispoñibles no proceso de desenvolvemento da idea ou solución creativa proposta, coñecendo os medios de produción e as fontes financeiras que proporcionan estes recursos e aplicando estratexias de captación destes para poñer en marcha o proxecto que leve á realidade a solución emprendedora.			3	2			1-2	
OBX5 - Presentar e expoñer ideas e solucións creativas utilizando estratexias comunicativas áxiles e valorando a importancia dunha comunicación efectiva e respectuosa para transmitir mensaxes convincentes adecuadas ao contexto e aos obxectivos concretos de cada situación e validar as ideas e as solucións presentadas.	1-2-3			3	1	1	1-2	
OBX6 - Comprender aspectos básicos da economía e das finanzas, valorando criticamente o problema da escaseza de recursos e a necesidade de elixir, así como os principios de interacción social desde o punto de vista económico, para relacionar os devanditos aspectos coa procura e planificación dos recursos necesarios no desenvolvemento da idea ou da solución emprendedora que afronte o reto exposto de maneira eficaz, equitativa e sostible.						1	1-2-3	
OBX7 - Construír e analizar de maneira cooperativa, autónoma e áxil prototipos innovadores e sostibles, aplicando estratexias eficaces de deseño e execución, avaliando todas as fases do proceso de maneira crítica e ética e validando os resultados obtidos tanto para a mellora e perfeccionamento dos prototipos creados coma para a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal e colectivo.			3	4-5	3-5		2-3	

### Descrición:

Dado que a materia forma parte daquelas que se traballan dende E-Dixgal no noso centro, engádense competencias dixitais en algúns dos obxectivos (OBX 3, CD1; OBX7 CD4). Esta competencia, en calquera caso, traballarase na consecución da meirande parte dos obxectivos dun xeito ou doutro, pois o emprego das TIC e das TAC para a aprendizaxe da materia a través de E-dixgal será unha constante.

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A economía como ciencia.	A ciencia económica. A escaseza de recursos e a necesidade de elixir. O custo de oportunidade. A toma de decisións.	11	12	X		
2	A organización económica.	Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. Os sectores produtivos.	9	10	X		
3	A empresa e a súa contorna.	Análise da contorna específica ou microcontorna. A responsabilidade social corporativa. Análise da contorna xeral ou macrocontorna.	12	12	X		
4	O mercado.	O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades. Os retos do século XXI.	12	12		X	
5	A organización da empresa.	Funcións da empresa. Elementos da empresa. Os equipos nas empresas. Traballo en equipo.	12	12		X	
6	Inversión e financiamento.	O sistema financeiro. As finanzas. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e longo prazo. Endebedamento. Xestión de riscos e seguros.	12	12		X	
7	O emprendemento.	O perfil da persoa emprendedora: habilidades e calidades. Análise DAFO da persoa emprendedora. A xestión das emocións.	9	10			X
8	A idea de negocio.	A idea de negocio e as oportunidades empresariais. Comunicación, motivación e liderado. Dinámicas de traballo en grupo.	9	10			X
9	O proxecto emprendedor.	Misión e visión da empresa emprendedora. Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Viabilidade económica e financeira da empresa. A elección da forma xurídica.	14	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A economía como ciencia.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Diferencia os tipos de necesidades que teñen as persoas e os seus modos de satisfacelas.	PE	100
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Identifica os diferentes factores de produción, a curva de posibilidades de produción, o custe de oportunidade e os axentes económicos que interveñen nos mercados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións.</li> <li>- O reto ou o desafío como obxectivo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A organización económica.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Clasifica as distintas actividades económicas por sectores.	PE	80
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Avalía o grao no que a práctica ausencia de sector secundario no noso concello inflúe no desenvolvemento económico, demográfico e social da nosa poboación.		
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Identifica as institucións públicas que organizan a economía a nivel local, autonómico, estatal, europeo e mundial.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Utilizar estratexias de análise razoada das fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.	Recoñece os axentes que interveñen no fluxo circular da renda e as fortalezas e debilidades de cada un deles dentro deste proceso.	TI	20
CA4.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas, vendo a relación entre estes e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento.	Propón vías para favorecer a implantación de novas empresas no noso concello.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O perfil da persoa emprendedora: habilidades.</li> <li>- A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións.</li> <li>- A contorna económico-empresarial. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda.</li> <li>- Sectores produtivos e xéneros da contorna cultural e artística. Axentes que apoian a creación de proxectos culturais emprendedores.</li> <li>- O reto ou o desafío como obxectivo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A empresa e a súa contorna.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Preservar e coidar a contorna natural, social, cultural e artística a partir de propostas e actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.	Recoñece empresas que favorezan o desenvolvemento sostible na nosa comarca.	PE	65
CA2.4 - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario.	Valora os efectos que unha boa política de Responsabilidade Social Corporativa ten non só nunha sociedade, senón tamén nunha empresa.		
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Identifica os distintos tipos de empresa, as vías de desenvolvemento da Responsabilidade social corporativa, os obxectivos dunha empresa e o papel que debe xogar a persoa empresaria.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Utilizar estratexias de análise razoada das fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.	Identifica as fortalezas e debilidades de dúas empresas recoñecidas polo conxunto do alumnado.	TI	35
CA1.8 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e solucións creativas, adquirindo habilidades e técnicas de expresión oral con apoio audiovisual na posta en común destas.	Presenta ante o alumnado unha investigación sobre a RSC nunha empresa recoñecida a nivel estatal ou mundial.		
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Elabora un proxecto de investigación sobre empresas que fagan un aproveitamento sostible dos recursos naturais.		
CA3.1 - Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns, utilizando estratexias que faciliten a identificación e a optimización dos recursos humanos necesarios que conduzan á consecución do reto proposto.	Colabora co resto do alumnado na concreción dun tipo de empresa para o proxecto empresarial que se elaborará ao longo do curso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O perfil da persoa emprendedora: habilidades.</li> <li>- Creatividade, ideas e solucións. A innovación áxil.</li> <li>- A empresa e a súa responsabilidade social. A decisión empresarial e a innovación como fonte de transformación social.</li> <li>- O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe</li> <li>- Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos.</li> <li>- O reto ou o desafío como obxectivo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	O mercado.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo da valoración crítica sobre as propias aptitudes e as posibilidades creativas.	Rectifica decisións tomadas no mercado financeiro antes de que estas supoñan un prexuízo maior para a súa economía persoal nun modelo simulado.	PE	45
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Define os elementos que forman parte dun plan de marketing, os tipos de mercado e os elementos que compoñen a matriz DAFO.		
CA1.5 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto na sociedade.	Recoñece as debilidades e fortalezas no mercado dunha empresa que está medrando.	TI	55
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Formula un plan de márketing para a empresa na que se basea o proxecto deste curso.		
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Identifica as fortalezas e debilidades do plan de empresa nos mercados local e autonómico.		
CA3.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións e planificando con coherencia a súa organización, distribución, uso e optimización.	Formula vías para a atracción de clientes ao modelo de empresa formulado para o presente curso.		
CA4.1 - Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando pro-gresivamente o control consciente das emocións.	Adapta o plan de márketing do proxecto de empresa do presente curso ás necesidades que atopa tras formular o primeiro plan de márketing.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O perfil da persoa emprendedora: habilidades.</li> <li>- Técnicas de diagnóstico de debilidades e fortalezas internas. Análise DAFO da persoa emprendedora.</li> <li>- O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades.</li> <li>- O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información.</li> <li>- O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe</li> <li>- As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos</li> </ul>

### Contidos

- O reto ou o desafío como obxectivo.
- Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo.

UD	Título da UD	Duración
5	A organización da empresa.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.	Identifica a deontoloxía e a ética como elementos imprescindibles para a xestión dunha empresa.	PE	70
CA3.1 - Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns, utilizando estratexias que faciliten a identificación e a optimización dos recursos humanos necesarios que conduzan á consecución do reto proposto.	Identifica as funcións da xestión dos recursos humanos.		
CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.	Identifica os distintos elementos da empresa,.		
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Recoñece o elementos que xerarquizan unha empresa, as funcións de cada posto e as características e o valor engadido que aportan as persoas ao desenvolvemento dunha empresa.		
CA1.7 - Validar as ideas e solucións utilizando estratexias comunicativas áxiles adaptadas a cada situación comunicativa.	Recoñece as canles de comunicación das que dispón unha empresa.	TI	30
CA3.2 - Poñer en práctica habilidades sociais, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación en distintos contextos de traballo en equipo, valorando as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo e respectando as decisións tomadas de forma colectiva	Identifica e aplica distintas técnicas de resolución de conflitos, comunicación e motivación.		
CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	Propón vías para a mellora dunha empresa no seu plano social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- O perfil da persoa emprendedora: habilidades.
- -Comunicación, motivación e liderado da persoa emprendedora. Habilidades sociais. Dinámicas de traballo en

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- grupo.</li> <li>- O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe</li> <li>- Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa.</li> <li>- Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos.</li> <li>- O reto ou o desafío como obxectivo.</li> <li>- Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Inversión e financiamento.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Utilizar estratexias de análise razoada das fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.	Distingue as áreas das que se compón o presuposto persoal.	PE	75
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Identifica unha situación de risco de bancarrota financeira para unha persoa.		
CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.	Propón vías para superar unha bancarrota financeira, para evitala e para identificar os seus primeiros momentos.		
CA3.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións e planificando con coherencia a súa organización, distribución, uso e optimización.	Recoñece os riscos e vantaxes dunha inversión a curto prazo e unha inversión a longo prazo.		
CA3.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento, identificando os máis adecuados en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas e aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Determinar os investimentos e fontes de financiamento necesarios para o desenvolvemento dunha idea emprendedora.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Describe os tipos de produtos de pasivo, de activo, a inflación e os efectos que esta ten.		
CA3.5 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, ideas e solucións creativas, co fin de captar recursos para o financiamento e o mecenado deste.	Presenta un proxecto emprendedor capaz de captar fondos do resto do alumnado nunha situación simulada.	TI	25
CA4.9 - Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos, analizando de maneira crítica o proceso de deseño e execución levado a cabo e valorando a súa viabilidade e adecuación empregada na construción deste.	Selecciona os tipos de produtos financeiros que vai empregar o proxecto empresarial deste curso para obter fondos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O perfil da persoa emprendedora: habilidades.</li> <li>- Técnicas de diagnóstico de debilidades e fortalezas internas. Análise DAFO da persoa emprendedora.</li> <li>- O sistema financeiro.</li> <li>- As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos</li> <li>- O reto ou o desafío como obxectivo.</li> <li>- Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	O emprendemento.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Utilizar estratexias de análise razoada das fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.	Identifica as fortalezas e debilidades persoais propias e dos demais que se identifican coa iniciativa emprendedora.	PE	35
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Diferencia intraemprendemento de emprendemento e os elementos que integran a cultura emprendedora.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo do autoconhecimento e tomando conciencia de que o proceso emprendedor constitúe unha forma de enriquecemento e crecemento persoal.	Valora o proceso emprendedor como forma de enriquecemento persoal.	TI	65
CA1.3 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais, promovendo e desenvolvendo actitudes creativas, asumindo o risco que supón un proxecto innovador e aprendendo dos erros que cometemos.	Valora as características propias do emprendedor necesarias para poñer en marcha un proxecto innovador.		
CA2.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo da valoración crítica sobre as propias aptitudes e as posibilidades creativas.	Identificar as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora.		
CA2.2 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.	Aplicar estratexias de xestión de emocións.		
CA3.5 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, ideas e solucións creativas, co fin de captar recursos para o financiamento e o mecenado deste.	Presenta ante o resto do alumnado a misión, visión e valores do proxecto emprendedor que quere poñer en marcha.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A importancia económica e social da persoa emprendedora.</li> <li>- O perfil da persoa emprendedora: habilidades.</li> <li>- Autoconfianza, autoconhecimento, empatía, perseveranza, iniciativa e resiliencia.</li> <li>- Técnicas de diagnóstico de debilidades e fortalezas internas. Análise DAFO da persoa emprendedora.</li> <li>- Xestión de emocións. A importancia da motivación para emprender. Estratexias de xestión da incerteza e to-ma de decisións en contextos cambiantes. O erro e a validación como oportunidades para aprender.</li> <li>- A visión emprendedora.</li> <li>- As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos</li> <li>- O reto ou o desafío como obxectivo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	A idea de negocio.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Describe todas as áreas que se deben desenvolver nunha idea de negocio, o papel que xoga cada unha delas e as vías de relación entre os diferentes elementos que compoñen unha idea de negocio.	PE	25
CA1.3 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais, promovendo e desenvolvendo actitudes creativas, asumindo o risco que supón un proxecto innovador e aprendendo dos erros que cometemos.	Asigna unha función dentro do proxecto empresarial a cada un/unha dos/das integrantes do equipo en función das características que cada persoa ten.	TI	75
CA1.4 - Pór en práctica as habilidades sociais da persoa emprendedora, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación e innovación áxil, tanto de maneira presencial como a distancia, en distintos contextos de traballo en equipo, valorando, respectando e asumindo as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo en grupo.	Entende o proxecto emprendedor como un modelo de comunicación democrática, pero tamén xerarquizada.		
CA1.6 - Construír ideas creativas e sostibles aplicando metodoloxías áxiles que faciliten a superación dos retos expostos con sentido ético e solidario.	Propón ideas creativas que contribúan ao desenvolvemento sostible da súa contorna.		
CA1.7 - Validar as ideas e solucións utilizando estratexias comunicativas áxiles adaptadas a cada situación comunicativa.	Propón tres canles de comunicación coas que chegar á audiencia e facela coñecedora do proxecto emprendedor que se está a desenvolver.		
CA1.8 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e solucións creativas, adquirindo habilidades e técnicas de expresión oral con apoio audiovisual na posta en común destas.	Xerarquiza nun papel as ideas antes de expoñelas en público para que estas resulten máis sinxelas de comprender para a audiencia.		
CA2.4 - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario.	Aporta unha solución a cada un dos problemas que se presentan no proxecto emprendedor, aínda que esta logo non se aplique.		
CA3.2 - Poñer en práctica habilidades sociais, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación en distintos contextos de traballo en equipo, valorando as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo e respectando as decisións tomadas de forma colectiva	Valora o papel que a clientela xoga no correcto desenvolvemento dunha idea emprendedora.		
CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.	Asume, cando é preciso, o papel de líder para solventar un conflito ou problema.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O perfil da persoa emprendedora: habilidades.</li> <li>- Creatividade, ideas e solucións. A innovación áxil.</li> <li>- Comunicación, motivación e liderado da persoa emprendedora. Habilidades sociais. Dinámicas de traballo en grupo.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información.</li> <li>- Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos.</li> <li>- O reto ou o desafío como obxectivo.</li> <li>- Desenvolvemento áxil do produto.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	O proxecto emprendedor.	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Utilizar estratexias de análise razoada das fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.	Elabora unha táboa na que apareza recollida a evolución da empresa dende o inicio e os resultados de cada unha das accións que se le vou a cabo.	TI	100
CA1.5 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto na sociedade.	Cando propón unha solución ante un problema do proxecto emprendedor ten en conta as consecuencias que esta pode ter para a sociedade.		
CA2.2 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.	Sitúa o benestar das persoas que integran o proxecto emprendedor ao mesmo nivel que os resultados económicos deste proxecto intentando acadar un equilibrio entre ambos.		
CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.	Propón vías de mellora do proxecto emprendedor no futuro.		
CA3.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento, identificando os máis adecuados en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas e aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Presenta ante o resto do alumnado os que, baixo o seu criterio, considera os 10 problemas máis importantes que se presentaron durante o proxecto e os erros que habería que evitar no caso de comezar de novo.		
CA4.1 - Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando pro-gresivamente o control consciente das emocións.	Adapta o seu proxecto empresarial á realidade social da nosa contorna.		
CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	Avalia o impacto da idea de negocio no eido persoal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.	Planifica o proxecto de empresa presentado.		
CA4.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións.	Manexa estratexias de captación e xestión dos recursos necesarios para a posta en marcha do proxecto presentado.		
CA4.5 - Validar as ideas e as solucións presentadas mediante mensaxes convincentes e adecuadas, co fin de presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e as solucións creativas, mantendo unha comunicación eficaz e respectuosa ao longo de todo o proceso levado a cabo.	Avalía o impacto das ferramentas de comunicación empregadas durante o desenvolvemento do proxecto empresarial.		
CA4.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas, vendo a relación entre estes e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento.	Determina os recursos necesarios para desenvolver o proxecto presentado.		
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Explica as metodoloxías scrum, kanban e a estrutura dun plan de empresa.		
CA4.8 - Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Avalia o impacto na contorna do proxecto presentado en termos de equitatividade e sostibilidade.		
CA4.9 - Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos, analizando de maneira crítica o proceso de deseño e execución levado a cabo e valorando a súa viabilidade e adecuación empregada na construción deste.	Realiza un estudo de viabilidade do produto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O perfil da persoa emprendedora: habilidades.</li> <li>- Técnicas de diagnóstico de debilidades e fortalezas internas. Análise DAFO da persoa emprendedora.</li> <li>- O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información.</li> <li>- Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa.</li> <li>- As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos</li> <li>- O reto ou o desafío como obxectivo.</li> </ul>



## Contidos

- Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo.
- Desenvolvemento áxil do produto.
- Técnicas e ferramentas de prototipado rápido.
- Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas.
- Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión.
- Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil.
- Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica.
- O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

#### a) Características psicoevolutivas do alumnado

Partimos do momento de desenvolvemento tanto a nivel fisiolóxico, como psicolóxico e social. Seguindo as teses expostas por Piaget (1971), no aspecto cognitivo os discentes atópanse no estadio das «operacións intelectuais abstractas, da formación da personalidade e da inserción afectiva e intelectual na sociedade dos adultos». É dicir, trátase dun momento no que o seu desenvolvemento permítelles asumir novas habilidades e roles sociais e adquirir valores morais superiores. Isto contribuirá a desenvolver un modelo de aprendizaxe significativa na que o razoamento formal lles axude a enfocar un problema atendendo ás diversas hipóteses causais, procedimentais e de resolución sen descartar inicialmente aquelas que poidan ser alleas aos seus ámbitos de coñecemento.

#### b) Principios e estratexias metodolóxicas

Tendo en conta que actuamos dentro do ámbito da Economía, do que hai un coñecemento académico amplo, aínda que presenta unha constante evolución nas investigacións desenvolvidas de xeito específico, esta proposta busca adaptar as estratexias de aprendizaxe tanto ás novas vías de información e documentación que xurdan e que poidan espertar o interese do alumnado como ao entorno tecnolóxico e analóxico do centro.

Así, farase fincapé no desenvolvemento dun método construtivista no que, partindo duns coñecementos previos (avaliación inicial) se favoreza a busca, acceso e análise de fontes documentais, a súa comparación e verificación e a súa comprensión. Este primeiro proceso buscará a incisión no desenvolvemento de estratexias para converter toda esa información nun elemento de aprendizaxe individual e colectivo. É dicir, buscaremos que o alumnado comprenda a tarefa do economista e da investigación en Economía como propia e, partindo de fontes documentais, ben sexan históricas ou do contexto social e investigador actual, desenvolva estratexias para a súa comprensión e síntese e sexa capaz de realizar unha análise interpretativa destas que lle axude a expoñer e compartir os seus coñecementos co resto da sociedade. Este obxectivo implicará, inicialmente, unha aprendizaxe activa na que se desenvolva certa autonomía investigadora titorizada polo docente. Logo, esa autonomía precisará dunha tarefa de análise e verificación da información que dará paso a un traballo de síntese no que o alumnado potenciará as súas competencias lingüísticas e expresivas co obxectivo de canalizar os coñecementos e teses desenvolvidas. Esta tarefa enfocárase por medio de diversos eidos e plataformas tanto dixitais coma audiovisuais ou analóxicas, polo que a actitude investigadora e activa manterase sempre nun primeiro plano reforzando cada vez máis o proceso comunicativo e a colaboración con outros grupos de traballo. Con isto buscarase que o alumnado sexa protagonista da súa aprendizaxe e sexa capaz de adaptar a súa interpretación da contorna, ben sexa económica, social ou histórica, a outras perspectivas que, en todo caso, intentarán enriquecer a súa posición de partida e a adquisición de competencias para a vida.

Ao longo do curso académico combinarase a metodoloxía didáctica expositiva, interrogativa, investigativa, comprensiva, recopilativa e explicativa.

#### c) Actividades de ensinanza e aprendizaxe

As actividades de ensinanza e aprendizaxe formuladas ao longo do curso terán como base común o obxectivo de fomentar a autonomía na aprendizaxe do alumnado. Estas se presentarán en grao crecente de dificultade para propiciar un proceso de aprendizaxe evolutiva e adaptaranse aos diversos procesos e ritmos que presente o

alumnado. A súa formulación partirá das propias actividades plantexadas nos materiais de apoio empregados para a materia, das actividades propostas polo persoal docente, dos proxectos transversais desenvolvidos polo centro educativo e, sempre que se considere de interese para o proceso de ensinanza aprendizaxe, das propostas realizadas polo alumnado. En calquera caso, a súa estrutura diferenciarase entre actividades de iniciación, de desenvolvemento, de consolidación, de apoio ou reforzo, de ampliación, de avaliación e, nos casos nos que sexa preciso, de recuperación.

Tamén se formularán actividades complementarias a realizar dentro das instalacións do centro ou na contorna próxima. Estas actividades buscarán, en calquera caso, a interdisciplinabilidade entre departamentos e a interrelación, na medida do posible, con outros niveis educativos. Serán actividades nas que se procurará sempre o desenvolvemento dos elementos transversais do currículo, tanto desde a propia materia de Economía como de todas aquelas que participen nelas.

#### d) Modalidades de agrupamento

A cooperación, solidariedade e a relación entre iguais son unha base fundamental para o noso centro. É por isto que a metodoloxía empregada procurará modalidades de agrupamento que favorezan a creación de grupos equilibrados, coordinados entre sí e que sigan unha pauta de traballo colaborativa co obxectivo de que o proceso de ensinanza e aprendizaxe non se formule como algo exclusivamente individual, senón como un proceso no que todo o alumnado participe e as capacidades de cada participante no grupo complementen as dificultades dos e das demais integrantes. É dicir, o agrupamento será flexible e adaptado tanto ás necesidades da actividade proposta como, sobre todo, ás necesidades e á diversidade do alumnado. Procurarase, polo tanto, un modelo de aprendizaxe colaborativa na que todos e todas favorezan o crecemento cognitivo e procedimental do resto de persoas participantes.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos humanos
Recursos materiais
Recursos do contexto

**Recursos humanos:** alumnado, persoal do departamento, persoal docente do centro, equipo directivo, Departamento de Orientación e familias. Tamén se poderá acoder a persoal alleo ao centro que, sempre coa autorización do equipo directivo e do Claustro de Profesorado, se considere que pode contribuir ao proceso de ensinanza e aprendizaxe participando nunha ponencia ou nun simposio sobre cuestións relativas á materia de Economía.

**Recursos materiais:** empregaranse como base contextual do coñecemento libro dixital da materia de Economía e emprendemento de 4º de ESO de Edebé dispoñible en Edixgal. Tamén se empregarán apuntamentos do docente, recursos bibliográficos propios do departamento, do equipo docente ou da biblioteca de centro, materiais autoeditados, recursos audiovisuais, recursos tecnolóxicos como a pizarra dixital, a aula de Tecnoloxía e, cando sexa preciso, poderanse empregar tamén os recursos dos que dispoñen os espazos de uso común alleos á propia aula ou aulas nas que se desenvolven as actividades e que se atopan dentro do centro.

**Recursos do contexto:** buscarase con eles dar practicidade aos coñecementos abordados na aula aplicándoos á contorna socioeconómica, cultural, xeográfica ou política do noso centro. Estes recursos serán o patrimonio económico local, galego e nacional, a contorna cultural do noso territorio e os distintos elementos que a compoñen. Terán especial importancia para esta materia, polo tanto, empresas públicas e privadas, os axentes económicos que as integran, así como os axentes que interveñen na economía a nivel autonómico e nacional e aos que podemos ter acceso por medio de intermediarios locais. O seu coñecemento plantexarase como unha saída educativa do centro e procurará, sempre que sexa posible, unha formulación interdisciplinar con outras materias.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Partindo dos informes específicos de avaliación previa formulados polo Departamento de Orientación, elaborárase un formulario de actividades de aula no que se combinarán preguntas curtas, preguntas de relación e preguntas de comprensión sobre os contidos da materia de Economía. Este formulario disporá dunha rúbrica de avaliación que, ao mesmo tempo, recollerá apartados específicos referidos ás observacións do persoal docente na aula, á avaliación de elementos procedimentais desenvolvidos durante os traballos individuais e grupais e á avaliación das relacións interpersonais que se observan dentro da aula. É dicir, a avaliación inicial terá en conta: coñecemento de contidos previos e de contidos futuros, observacións do persoal docente, tarefas e traballos individuais e grupais e relacións sociais dentro da aula.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>9</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>14</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	80	65	45	70	75	35	25	0	<b>54</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	20	35	55	30	25	65	75	100	<b>46</b>

### Criterios de cualificación:

Antes de establecer os criterios de cualificación, é importante sinalar que aplicación destes criterios responderá a un modelo de avaliación continua no que se terá en conta o traballo realizado en avaliacións anteriores, se ben a adquisición de competencias, dado que o traballo das mesmas repártese de xeito diferenciado ao longo do curso, precisará superar aquelas asignadas para cada avaliación. É dicir, desenvolver unha aprendizaxe na segunda avaliación non implicará, necesariamente, ter adquiridas aprendizaxes semellantes da primeira avaliación. As aprendizaxes de cada período lectivo deberán ser acadadas de xeito individual.

a) Os procedementos que se seguirán para desenvolver este modelo de avaliación serán os seguintes:

- Tarefas, traballos, composicións de texto e actividades en grupo e individuais: posibilitan o seguemento continuado da evolución do alumnado (comprensión de contidos e aprendizaxe das competencias). Procurárase que sexan o máis variadas posibles (definicións, mapas, gráficos, comentarios de texto, traballos individuais ou grupais, debates etc), tanto para fomentar o desenvolvemento de todas as competencias como para atender á diversidade e aos distintos ritmos de maduración cognitiva.

- Probas de contidos, competencias e aprendizaxes desenvolvidas: son probas escritas que permiten avaliar tanto a fixación das cuestións teóricas como as destrezas na parte práctica ou as competencias. Como regra xeral (aberta ás incidencias que poidan xurdir), realízase un mínimo de dúas probas por avaliación.

b) Criterios de cualificación que se aplican nas ferramentas sinaladas:

- Tarefas, traballos, composicións de textos e actividades en grupo e individuais: terán un valor do 50% da nota final de cada avaliación. Poderase perder esta porcentaxe por:

- Non traer as tarefas, composicións, definicións ou actividades feitas e cumprindo os criterios establecidos en cada caso (a copia ou plaxio dun traballo suporá que quede invalidado e a súa nota numérica sexa un 0).

- Non colaborar, participar e traballar nas actividades grupais.

- Non entregar as tarefas, composicións, definicións ou actividades na data establecida.

- No caso de que a nota numérica dun traballo ou unha composición sexa inferior a 3,5 sobre 10 o autor ou autora deberá repetila para que poida facer media co resto de notas da avaliación.

- Probas de contidos: o seu valor supón o 50% da nota final de cada avaliación (no caso de que haxa dúas probas, o reparto do peso de cada unha delas neste 50% será dun 20% a primeira e un 30% a segunda). Considerárase que unha proba está aprobada cando se obteña un 5 sobre 10 no resultado numérico da mesma. Á avaliación das probas

de contidos engádese un aspecto avaliabile que só se terá en conta neste caso, a corrección ortográfica. Esta será avaliada en cada unha das probas do seguinte xeito:

- Por cada dúas faltas graves descontarase 0,1 sobre 10 da nota final da proba. Considerarase falta grave a ausencia dunha til, os erros ortográficos (b por v; m por n, k por q, etc.), os erros gramaticais ou erros referidos á terminoloxía específica da materia.

- Por cada dúas faltas leves descontarase 0,05 sobre 10 da nota final da proba. Considérase falta leve a ausencia de puntos, de comas, de separación entre parágrafos, de letras, ou calquera outra falta na expresión escrita non recollida dentro do grupo de faltas graves.

- Ao longo do curso formularanse preguntas sobre Economía que promoverán a curiosidade do alumnado pola materia. Responder a unha desas preguntas correctamente suporá sumar medio punto adicional sobre 10 á seguinte proba que se realice. Tamén cabe a posibilidade de sumar un total dun punto na nota da seguinte proba se, no canto de respostar ben a unha pregunta, é o/a alumno/a quen a formula ao resto da clase e ofrece unha resposta coherente cos principios económicos. Non haberá posibilidade de sumarlle o punto de formulación de pregunta ao 0,5 da resposta de pregunta formulada polo docente. É dicir, as puntuacións de formulación de resposta de pregunta non son acumulativas

#### c) Elaboración da nota media trimestral

No tocante á ponderación da cualificación dos exames na media trimestral, a nota mínima que debe de acadar o alumnado para a elaboración desta será dun 3,5. Se non chega a esta cifra, darase esa parte da materia por non superada (e seguiranse os procedemento que detallamos a continuación para a recuperación dos exames ou avaliacións).

No caso de que algún alumno ou alumna realice unha práctica fraudulenta no exame, dita proba será cualificada coa nota de 0, e suspenderá a correspondente avaliación con todas as súas consecuencias.

Para que unha avaliación se considere superada, a suma de todas as porcentaxes, e a ponderación porcentual de cada un dos apartados referidos no punto 15.b.2. debe dar como resultado un 5 sobre 10. Se non se obtén esta nota despois de realizar a ponderación, a avaliación considerarase suspensa.

#### d) Avaliación final

Terá como base a realización de probas escritas, pero tamén todo o traballo realizado ao longo do curso ou dun trimestre, os resultados arroxo polos instrumentos de avaliación e as observacións realizadas polo persoal docente e recollidas nos instrumentos de avaliación antes referidos. Esta avaliación non se poderá entender como algo illado, senón que terá que observar a evolución do alumnado ao longo do trimestre ou do curso, o traballo realizado para acadar os estándares de aprendizaxe e indicadores de logro propostos e a correlación entre esta aprendizaxe e a adquisición das competencias propostas para esta etapa.

Por outra banda, e co obxectivo de que haxa unha valoración do traballo conxunto realizado polo alumnado ao longo do curso, o conxunto da avaliación de cada trimestre realizarase de xeito proporcional tendo en conta os seguintes criterios: a primeira das probas escritas de terá un peso dun 20% sobre a nota final, mentres que a segunda terá un peso do 30%; a participación na aula do alumnado terá un valor do 10% da nota entendéndose sempre que o alumnado decaerá no recoñecemento desta porcentaxe no caso de que acumule tres chamadas de atención por faltas graves dentro da aula; as tarefas e actividades en grupo e individuais valerán un 40% e o alumnado decaerá no recoñecemento desta porcentaxe no caso de non traer as tarefas feitas en tres ou máis ocasións, copiar ou plaxiar un traballo dispoñible nunha fonte allea, non colaborar ou participar nas actividades individuais ou grupais, ou non entregar as tarefas na data establecida en tres ou máis ocasións. De igual modo, ao longo de cada trimestre formularanse preguntas sobre economía nas clases (unha en cada sesión), cuxa resposta correcta ás mesmas dará a opción de contar con 0,5 puntos máis na seguinte das probas que se realicen. Estas preguntas son paralelas o desenvolvemento dos contidos vistos na aula e buscan un modelo de aprendizaxe no que sexa o alumnado o que desenvolva a autonomía e a actitude crítica para intentar dar resposta a cuestións económicas que se nos presentan no noso día a día, que semellan irrelevantes inicialmente, pero cuxa resposta nos axuda a comprender de que xeito practicamente todo está intervido pola economía. Nese senso, fórmulase tamén a posibilidade de que sexa o alumnado o que plantexe unha pregunta sobre economía e ofrezca unha resposta de base económica comprensible para o resto de integrantes do grupo. No caso de que pregunta e resposta cumpran cos indicadores establecidos na rúbrica de avaliación desta área, esta persoa podería obter ata un punto máis na seguinte proba que se realice. En calquera caso, a obtención dun punto no segundo dos casos elimina o 0,5 obtido pola primeira das vías. É dicir, o máximo que se podería obter por estas actividades de desenvolvemento da autonomía persoal é 1 punto para a seguinte das probas que se realicen.

A calificación do curso seguirá un modelo de avaliación continua. Se algún discente non obtivese un 5 de media das tres primeiras avaliacións a comezos do mes de xuño, realizarase unha proba extraordinaria das avaliacións suspensas antes de que se realice a avaliación final.

Non se establecen medidas de recuperación de pendentes para esta materia en 4º da ESO no curso 2021/2022

porque non hai ningún nin ningunha discente que acceda ao presente curso coa materia suspensa de cursos ou niveis anteriores.

Como se apuntou con anterioridade a práctica docente tamén será avaliada mediante rúbricas e escalas de estimación categorial cuxa aplicación poderá temporalizarse de xeito trimestral. Do mesmo xeito, disporase dun diario de aula no que se recolla unha avaliación continua da práctica docente e das estratexias metodolóxicas. A programación didáctica, mentres, será avaliada a final de cada curso, ou de considerarse preciso con anterioridade, mediante unha rúbrica de avaliación que recollerá o grao de consecución dos distintos indicadores de logro propostos para a aplicación e posta en práctica desta programación.

### **Crterios de recuperación:**

#### **a) Recuperación dunha proba ou exame**

O alumnado que non acade un 3,5 na primeira convocatoria dunha proba ou exame terá a obrigatoriedade de repetilo. Esta recuperación realizarase antes do termo da avaliación ou, no caso de non ser posible, a comezos da seguinte avaliación.

Na recuperación da proba será necesario obter un 3,5 ou máis para poder facer media co resto de notas da avaliación. Se non se obtén esa nota, non se fará media. É dicir, para aprobar a avaliación hai que ter todas as probas aprobadas.

#### **b) Recuperación dunha avaliación**

Realizarase unha única proba escrita de recuperación dunha avaliación por trimestre. A este respecto, só no caso de superala (cando se chegue a cinco puntos sobre 10) esta nota fará media para a obtención da cualificación da avaliación ordinaria de xuño.

Así mesmo, existirá unha proba escrita de recuperación final en xuño, coas seguintes características:

- Aqueles alumnos ou alumnas que só teñen unha avaliación pendente realizarán unha proba dos contidos relativos aos seus bloques específicos.
- O alumnado con dúas ou tres avaliacións pendentes examinaranse da totalidade da materia.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

O tratamento da diversidade é un dos núcleos centrais da labor docente, pois supón axustarse a unha realidade evidente na nosa contorna e precisa dunha atención específica para garantir un proceso de ensinanza-aprendizaxe individualizado. Seguindo o establecido Ley Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, o equipo docente debe traballar todas as ferramentas e canais precisos para atender as demandas da sociedade e garantir o dereito á educación recoñecido legalmente. Non consiste, polo tanto, en que o alumnado se adapte ás condicións específicas do proceso educativo, senón en que a metodoloxía e a estratexia docente realice os axustes necesarios para progresar no proceso de ensinanza e aprendizaxe adaptándose ás necesidades e capacidades persoais.

Para abordar este aspecto, será imprescindible que o equipo docente teña como referencia o Plan de Atención á Diversidade, no que se recollen as medidas previstas para un bo funcionamento neste eido. Nel aparecerán reflectidas as ferramentas deseñadas con tal fin de carácter organizativo e metodolóxico como son: agrupamentos flexibles, desdoblamento de grupos, oferta de materias específicas, plans de mellora, recuperación e específicos, o reforzo educativo, os programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento, e as adaptacións curriculares de carácter significativo e non significativo. Destacaremos entre elas as medidas ordinarias de atención á diversidade (entre as que son salientables as medidas de reforzo educativo para discentes con dificultades de aprendizaxe ordinaria). Tamén haberá que observar, cando así se precise, o establecemento de medidas extraordinarias de atención á diversidade como son as Adaptacións Curriculares Individualizadas Significativas.

No grupo de referencia, partindo dos informes previos de cursos anteriores, non se dan situacións concretas nas que haxa que aplicar medidas de atención á diversidade na materia de Economía e emprendemento. No caso de que fose necesario, deseñaríanse as medidas oportunas en coordinación co Equipo de Orientación, a persoa titora e o Equipo Directivo, así como as respectivas persoas titoras do ou da discente.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X		X	X	X			X
ET.4 - Competencia dixital	X	X		X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	X		X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X		X	X		X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores			X	X				X
ET.8 - A igualdade de xénero	X		X	X			X	X
ET.9 - A creatividade	X		X			X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X
ET.9 - A creatividade	X

**Observacións:**

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a unha entidade bancaria.	Co fin de analizar as vías coas que financiar un proxecto empresarial.		X	
Programa Segura-Mente de Afundación.	Actividades destinadas á educación financeira para a prevención de riscos e estafas no comercio online.	X	X	X
Participación en concursos e/ou programas de innovación educativa asociado cos contidos da materia.	Programa Lanzadeiras.	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación, en función das súas necesidades.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.

<b>Metodoloxía empregada</b>
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquiredanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.
Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ao currículo do alumnado
<b>Clima de traballo na aula</b>
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.



### **Descrición:**

Tal e como establece a normativa, O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes. Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación da programación didáctica, da práctica docente e do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase mediante rúbricas de avaliación nas que se aplicarán os indicadores de logro establecidos no apartado 8.1. En calquera caso, serán de especial importancia para a avaliación da práctica docente (en todos os eidos anteriormente sinalados) os seguintes puntos:

- O nivel de desenvolvemento das competencias e, de ser o caso, as causas da súa modificación.
- O grao de consecución final dos obxectivos.
- A valoración das cualificacións acadadas polo alumnado.
- A valoración das actividades complementarias e extraescolares.
- O grao de consecución doutros obxectivos didácticos ou de convivencia relativos a toda a comunidade educativa.

### **9. Outros apartados**